

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 04 DE MAIO DE 2009.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DEZAOITO HORAS E QUINCE MINUTOS** do día **CATRO DE MAIO DE DOUS MIL NOVE**, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa **D^a. PAULA FERNANDEZ PENA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria, de primeira convocatoria, coa asistencia dos señores tenentes de Alcalde **DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ** e **DONA MARIA DOLORES GARCIA TROITIÑO** e o concelleiro **D^o GERARDO LAZARA MOREDA** e da Secretaria da Corporación **DONA BERTA ALONSO SOTO**.

A Sra. Alcaldesa declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

2º.- SUBVENCÍONS.-

3º.- CONTRATACIÓN.-

4º.- URBANISMO.-

5º.- INTERVENCIÓN.-

ROGOS E PREGUNTAS.-

1º.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

1.1.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada de data 17 de abril de 2009, remitindo facturación correspondente ó 1º trimestre de 2009, ascendendo o total de facturación á cantidade de 105.727,55 □□□.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda quedar enterada e dar traslado desta relación ó departamento de Intervención.

1.2.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 1995 de data 30 de abril de 2009, remitindo listado de sumideros das rúas de Silleda e Bandeira, indicando a data de limpeza das mesmas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.3.- Escrito de Espina y Delfin S.L., Rexistro de Entrada nº 1984 de data 29 de abril

de 2009, remitindo informe do funcionamento da Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) de Silleda correspondente ó 1º trimestre do ano 2009.

A Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.4.- Escrito de Espina & Delfín S.L., Rexistro de Entrada nº 1985, de data 29 de abril de 2009, remitindo análise de control de auga correspondente ás saídas dos depósitos do Marco e Maceiraboa, con data da toma 14.04.09

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda quedar enterada deste escrito e dar traslado do mesmo ó Fontanero Municipal.

1.5.- Escrito da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, Rexistro de Entrada nº 2009, de data 30 de abril de 2009, remitindo resolución do director xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza ó arqueólogo Dº Javier Morchón Viñas para a realización do proxecto de escavación en área e sondaxes arqueolóxicas avaliativas na área de concentración cerámica de Ameixeira (Silleda).

a Xunta de Goberno Local queda enterada deste escrito.

1.6.- Escrito do Servizo de Acción Social da Deputación Provincial de Pontevedra, Rexistro de Entrada nº 1948, de data 28 de abril de 2009, indicando que debido a necesidade de ofertar programas, recursos e actividades para os mozos e mozas da nosa provincia, convoca para o ano 2009 un catálogo de cursos formativos, con fin de potenciar a súa integración no mundo laboral á par de acadar un maior enriquecemento cultural e persoal, polo que se crea o programa “Actívate”.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda comunicar a Deputación Provincial de Pontevedra a súa adhesión ó programa anteriormente mencionado.

2º.- SUBVENCIONS.-

2.1.- Dase conta do expediente de solicitude de subvención confeccionado o abeiro da orde do 1 de abril de 2009, da Consellería de Cultura e Deporte, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións a concello de Galicia para o equipamento e mellora de instalacións técnicas dos espazos escánicos.

Visto que a contía do orzamento do proxecto denominado “Equipamento e Mellora do Auditorio Manuel Dopazo” ascende a cantidade de 39.333,28 □□□.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda solicitar da Consellería de Cultura e Deporte unha subvención de 29.499,96 □□□, comprometéndose este Concello a unha achega do 25% do orzamento o que supón a cantidade de 9.833,32 □□□.

2.2.- APROBACIÓN DO PLAN CONCERTADO DO EXERCICIO 2009, E DA SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN.

Dase conta do Programa “Plan Concertado” para o exercicio 2009, polo importe de douscentos vinte mil setecentos vinte euros con sesenta e catro céntimos (220.720,64 €), a solicitar da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a través da Orde do 1 de abril de 2009 (DOGA nº 76, do 21 de abril de 2009), pola que se regulan as axudas destinadas á prestación de servizos sociais polas corporacións locais.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:

1.- Aproba-lo programa para o exercicio 2009, redactado polas traballadoras sociais do Concello, por importe de douscentos vinte mil setecentos vinte euros con sesenta e catro céntimos (220.720,64 €), correspondendo o 80,00% da financiación á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (176.576,51 €) e o 20,00% restante á aportación municipal (44.144,13 €).

2.- Solicitar unha subvención á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar por importe de cento setenta e seis mil cincocentos setenta e seis euros con cincuenta e un céntimos (176.576,51 €), para a execución do mencionado Plan.

3.- Por tratarse de prórroga acórdase continuar na prestación dos servizos nas mesmas condicións do ano anterior, para garanti-la non suspensión dos programas e prestacións dos servizos sociais.

4.- Dar conta ó Pleno da Corporación desta solicitude na vindeira sesión que este celebre.

3º.- CONTRATACIÓN.-

3.1.- “Mejora de los caminos: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un, polo importe de 100.050,42 €, correspondente a obra “Mejora de los caminos: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Transportes y Maquinaria C.P., S.L.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobamos a mencionada certificación nº Un da obra “Mejora de los caminos: Santamariña, Parada, O Campo, A Lama-1, A Lama-2, Eirexe, Currospedriños, Carballeda, Xiador, Chapa, Forcas, Galán, Oleiros, Toxa, Soldecasa, Costoia y Cabanas en el Ayuntamiento de Silleda (Pontevedra)” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 100.050,42 €, asinada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola-Director das Obras, Dº Benigno

Méndez Fernández.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que son as seguintes:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
23.04.09	12/09C	Transportes y Maquinaria C.P., S.L..	100.050,42 □□□

3.2.- “MELLORA E ACONDICIONAMENTO DA RÚA G” incluída no Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Vivenda e Solo e este Concello en data 25 de marzo de 2009.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un, polo importe de 31.425,65 □□□ correspondente a obra “Mellora e acondicionamento de rúa G” incluída no Convenio de Colaboración asinado entre a Consellería de Vivenda e Solo e este Concello en data 25 de marzo de 2009, executada por Construcciones Sangiao, S.A.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “Mellora e acondicionamento de rúa G”, por importe de 31.425,65 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Directora das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
30.04.09	5	Construcciones Sangiao, S.A.	31.425,65 □□□

3º.- Aproba-lo endoso desta certificación a favor da entidade Caixanova.

3.3.- Dase conta do proxecto denominado “Rede de Abastecemento de Núcleos Rurais no Concello de Silleda. Núcleos de Taboada Vella e Reboredo”, redactado polos Enxeñeiros Técnicos Industriais Dº Fidel Gude Sampedro e Dº Javier González Casanova (Gaia Solucións Ambientais S.L.), de data xaneiro de 2009, cun orzamento de execución por contrata de 120.944,13 □□□.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación a este proxecto, incluído dentro do Plan Provincial de Cooperación do ano 2009 (PPC/09).

3.4.- “Acondicionamento de aceras da parroquia de Lamela” do Fondo Estatal de Inversión Local.

Dase conta polo Sra. Presidenta da certificación nº Un, polo importe de 27.960,07

□□□, correspondente a obra “Acondicionamento de aceras da parroquia de Lamela” do Fondo Estatal de Inversión Local, executada por Fernando Pena Carmés.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

1º.- Aprobar a mencionada certificación nº Un da obra “Acondicionamento de aceras da parroquia de Lamela” do Fondo Estatal de Inversión Local, por importe de 27.960,07 □□□, asinada polo Arquitecto Técnico Directora das Obras, Dº José Pereiras Sánchez.

2º.- Aprobar a factura correspondente a esta certificación, que é a seguinte:

FACTURA		PROVEEDOR	IMPORTE Con IVA
Fecha	Número		
27.03.09	22	Fernando Pena Caramés	27.960,07 □□□

4º.- **URBANISMO.-**

4.1.- Dase conta do expediente promovido por Dª ISABEL VISITACIÓN MOREIRA LÓPEZ, en virtude de instancia nº 7934 de data 19 de decembro de 2007, solicitando Licencia para construción dunha sepultura, a situar no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda) segundo memoria técnica redactada polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez.

Visto que, polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, en data 30 de xaneiro de 2008 infórmase favorablemente a licencia solicitada, debéndose remitir o expediente completo á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Deporte e á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade para que emitan informe previo á concesión da licencia de obra solicitada.

Visto que, con data 01 de febreiro de 2008, Rexistro de Saida nº 187 e 188 remítese expediente á Delegación Provincial da Consellería de Cultura e Delegación Provincial da Consellería de Sanidade respectivamente.

Vista a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, de data 15 de abril de 2009, Rexistro de Entrada nº 1945, de data 28 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada polo forte impacto que o muro traseiro causa sobre o contorno do ben protexido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a Dª Isabel Visitación Moreira López a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.2.- Dase conta do expediente promovido por Dº MANUEL LUIS FERNÁNDEZ VALES, en virtude de instancia nº 379 de data 26 de xaneiro de 2009, solicitando

autorización para legalización das obras de construción dun nicho no cemiterio parroquial de Saidres, sito no lugar de Maragouzos, parroquia de Saidres (Silleda) segundo proxecto redactado polo Arquitecto Técnico Dº José Pereiras Sánchez.

Visto que remitido expediente a Consellería de Cultura e Deporte, dictouse resolución polo Director Xeral de Patrimonio Cultural en data 15 de abril de 2009, Rexistro de Entrada nº 1946, de data 28 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada polo forte impacto que o muro traseiro causa sobre o contorno do ben protexido.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a Dº Manuel Luis Fernández Vales a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.3.- Dase conta do expediente promovido por Dº. JOSÉ PARDO LOUZAO en representación do mesmo e de Dº Manuel Nogueira Alonso, Dª Mª Carmen Lázara Louzao e Dª María Diéguez Salgueiro, en virtude de instancia nº 6476 de data 17 de decembro de 2008, solicitando Licencia para construción de catro panteóns de tres nichos cada un, a situar no cemiterio parroquial de Carboeiro, sito na parroquia de Carboeiro (Silleda) segundo proxecto do Arquitecto Técnico Dº Luis Llorente Taboada.

Visto que, por acordo da Xunta de Goberno Local deste Concello, celebrada o día 09 de xaneiro de 2009, infórmase favorablemente a licencia municipal solicitada e se acorda a remisión do expediente á Delegación Provincial da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e á Delegación Provincial da Consellería de Sanidade.

Vista a resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural - Consellería de Cultura e Deporte, de data 15 de abril de 2009, Rexistro de Entrada nº 1943, de data 28 de abril de 2009, non autorizando a intervención solicitada xa que a execución destes panteóns interrompería tanto as vistas dende fora cara á igrexa, como dende esta cara ao exterior, sobre todo tendo en conta que os panteóns executaríanse a carón dunha ringleira de nichos soterrados pechando o adro, e estes serían os únicos panteóns en altura deste lado da igrexa.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda notificar a Dº José Pardo Louzao a resolución anteriormente mencionada, os efectos previstos no artigo 58 e seguintes da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réximen xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

4.4.- Licencia de obra maior.

4.4.1.- Dase conta da solicitude de licencia para acondicionamento de local sen uso específico presentada por D. José López Castro, con domicilio na Avda. do Parque, nº 29-3º de Silleda.

A Xunta de Goberno Local, coa abstención da Presidenta segundo artigo 76 da Lei de Bases de Réximen Local, vistos os informes técnico e xurídico, de data 16 de abril de 2.009 acorda por unanimidade:

1º.- Salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, conceder a licencia que se solicita nos termos que se expresan a continuación:

a) NOME OU RAZÓN SOCIAL DO PROMOTOR: D. José López Castro, con domicilio na Avda. do Parque, nº 29-3º (Silleda).

b) FINALIDADE DA ACTUACIÓN E USO Ó QUE SE DESTINARÁ: Acondicionamento de local sen uso específico. Proxecto visado polo Colexio Oficial correspondente en data 25 de novembro de 2.008.

c) SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DAS OBRAS: Avda. do Parque, nº 29 baixo (Silleda).

d) TÉCNICO AUTOR DO PROXECTO E DIRECTOR DAS OBRAS: Arquitecto Técnico Dª. Araceli Fernández Pena.

e) CONTÍA NA QUE SE ORZAN AS OBRAS: 18.600,00 € (execución material).

f) CONDICIONANTES: Os definidos no proxecto técnico, e os especificados no informe emitido polo arquitecto asesor técnico municipal, de data 16 de abril de 2009.

g) PRAZOS PARA O INICIO E TERMINACIÓN DAS OBRAS: De acordo co determinado no PXOM de Silleda, a licencia caducará ós 6 meses da súa outorgación, caso de non dar comenzo as obras. Poderá prorrogarse por un prazo igual ó anterior, de acordo co establecido no Decreto 28/99, do 21 de xaneiro, as obras finalizarán no prazo de tres anos, non podendo interromperse por un prazo superior a seis meses.

h) OUTROS:

-Deberá colocar en lugar visible o cartel de obras de 1x 0,70 metros cos seguintes datos: obra a realizar, promotor, situación, arquitecto, aparellador, nº de licencia e data da licencia, e debendo cumprir coas condicións xerais e particulares establecidas na correspondente ordenanza. Nº de Licencia 6059/08.

2º) Aprobar a liquidación de taxas e imposto sobre construcións que ascende a 31,00 € (informe técnico) e 418,50 € (ICIO) que deben ser ingresadas previamente nas arcas municipais.

4.5.- Dase conta do informe elaborado polo Arquitecto Asesor Técnico Municipal, de data 29 de abril de 2009, sobre visita ás instalacións da granxa de O Castro, sita no polígono 510, parcela 704 Os Olmos (Silleda) con referencia catastral 36052G510007040000RI, adicadas ao gando porcino.

Visto que por parte do titular cumpríronse os tres compromisos esixidos polo Concello.

Visto que polo Asesor Técnico Municipal constátase a rotura do tubo de xurro que evacuaría dende as naves “b” e “c” ata o depósito de xurro, debendo estar este conducto debidamente pechado e tapado antes do inicio de calquera actividade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade acorda:

1º.- Solicitar ó actual arrendatario que proceda ó peche dos mencionados canáis.

2º.- Se verifique in situ que o peche de tales canáis garante a anulación da arqueta intermedia.

3º.- De cumprirse o punto anterior, procederáse ao precintado desta comporta ata a posterior conexión da bomba de xurro.

Para o cal será preciso levar a cabo a seguinte Orde de execución: O conducto de xurro para a fosa debe estar perfectamente tapado de xeito que se garanta a seguridade das persoas e as normas da boa construción.

4.6.- Vista a solicitude presentada por D^a Carmen Troitiño Taín día 8 de febreiro de 2009, R.E. 782, de solicitude de licenza municipal para a actividade de explotación agrícola de porcino, sometida a avaliación de incidencia ambiental, que se desenvolverá na explotación situada na Parcela 192, Polígono 87, Parada, 15, examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co establecido no artigo 8 de Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se Regula a Avaliación de Incidencia Ambiental,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

PRIMEIRO. Admitir a trámite a solicitude presentada por Dona Carmen Troitiño Taín para a concesión de licenza municipal de a actividade de explotación agrícola de porcino sometida a avaliación de incidencia ambiental e continuar o expediente conforme ao procedemento normal de outorgamento da mesma.

SEGUNDO. Requerir á solicitante para que proceda a presentar, nun prazo de 20 días hábiles, a seguinte documentación, esixida polo artigo 7 do Decreto 133/2008:

- a) Xustificación do cumprimento da lexislación ambiental e sectorial aplicable á actividade, da normativa de seguridade, da relativa ás medidas de autoprotección e saúde e, no seu caso, das ordenanzas municipais que resulten de aplicación.
- b) Declaración dos datos que a xuízo do solicitante gozan de confidencialidade amparada na normativa vixente.

TERCEIRO Que por parte dos Servizos Técnicos Municipais deste Concello se emita informe sobre compatibilidade da actividade cos instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais.

CUARTO. Someter o expediente a trámite de información pública por un período de vinte días mediante anuncio no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia e exposición no taboleiro de anuncios do concello.

QUINTO. Remitir o expediente nun prazo máximo de trinta días á Consellería competente en materia de medio ambiente, xunto coas alegacións presentadas, os informes de

compatibilidade emitidos e un informe razoado do concello sobre a incidencia ambiental da actividade no ámbito local e sobre o resultado da información pública practicada.

5º.- INTERVENCIÓN.-

5.1.- Visto o informe emitido pola Intervención do Concello, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á relación de facturas nº 00037-09, de data 04 de maio de 2009, ascendendo a mesma a un importe total de 119.105,62 € (Relación en Anexo adxunto).

ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo intervencións

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as dezaoito horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como Secretaria, dou fe.

A ALCALDESA,

A SECRETARIA,